

Señor Alcalde e demais membros da Corporación Municipal, Señora Vicepresidenta da Deputación Provincial da Coruña, Señor Presidente da Real Academia Galega, membros das institucións culturais sociais e culturais da Galiza.

Querida Helena, amigas e amigos,

Vimos da Galiza toda para celebrar en Rianxo unha Escritora na súa Terra, pois este é o lugar físico e de afectos que a escritora Helena Villar elixiu.

Non é algo menor para unha escritora ou un escritor a elección do lugar onde recibir unha homenaxe á obra dunha vida de escrita. A elección da terra de Rianxo para vivir o terceiro acto da vida, que nos di Helena Villar na súa autobiografía, significa facer súas as paisaxes e as persoas que quixo incorporar á su propia vida para as facer sustancia íntima, alma de seu.

Pois ao elixirmos unha Terra dámoslle esa sacralidade de territorio da infancia -que sempre son territorios de tenrura-, abrazamos afectos, facémolos na súa xeografía materia transcendente.

Mais que ríos que van dar ao mar, os galegos somos pequenos rielos que van a outros ríos que van a outros que se fan ría que se fai mar. Aínda que amo os grandes ríos capaces de vertebrar culturas milenarias, que sempre teñen un só nome, amo máis aínda estes nosos pequenos ríos que somos, que non teñen un só nome, que toman o nome do topónimo dos eidos polos que pasan. Así os homes e mulleres imos tomando o ser dos lugares da nosa biografía, que van ficando entrañados como parte do propio ser. Así o río da vida de Helena que chega aquí a se facer ría e se chamar Rianxo.

Facemos á escritora Helena Villar esta homenaxe pola súa obra no seu conxunto, aínda que poesía e literatura xuvenil e infantil teñen nela un peso determinante.

Dicía Helena nunha entrevista no ano 1998 que todo o que facía no seu día a día facíao en clave poética. «*Como fonte de coñecemento de min mesma*» -dicía. Concordo que así é, porque así se mostra no froito do seu extenso e intenso traballo.

Sabemos que unha obra non está só no que foi concretado en libro ou texto escrito. É a parte que máis podemos ver, non só pola importancia da palabra, feita desa tensión entre o desexo de dicir e o de conseguir abrir a fenda do inexpresable. Mais hai outra parte, ese libro interior que vai enchendo as súas páxinas coas vivencias, con todo o que fica non expresado na escrita, nos libros que a autora foi editando ao longo da súa fértil biografía literaria. Hai aínda outro libro máis, que é o da súa biografía de activismo na dinamización cultural nas máis diversas institucións, entre as que

destacaría a Fundación Rosalía de Castro, e mais en diversos colectivos socioculturais. Isto sempre acompañou á súa obra de creación, isto é tamén outra forma de creación.

Na obra de Helena ten para min unha especial importancia a dedicada aos máis novos, porque foi feita naqueles anos de chumbo e sombra. É de xustiza recoñecer aquelas e aqueles que, como Helena, deitaron o grao para facer a sementeira en terra fértil mais aínda a ermo, e que hoxe se está a recoñecer coma frondosa colleita.

Na vida xenerosa de traballo de Helena celebramos unha outra parte importantísima, o seu exercicio como mestra. Quixera, querida Helena, dar homenaxe en ti, como receptora deste E de Escritora, ás mestras e mestres que modelaron nas escolas de toda a Nosa Terra ese fráxil barro da nenez no noso idioma, dándolles aos rapaciños e rapaciñas as ferramentas da ilusións da esperanza no soñar. Non podoo imaxinar esta Terra sen as mestras como Helena Villar ou Marica Campo, e tantas e tantos mestres que fixeron os nenos e nenas protagonistas do seu propio devir na nosa lingua. A que é capaz de desentrañar os misterios que nos habitan, a que é capaz de ser fábrica de soños.

Celebramos pois na túa obra tamén a escritora que iniciou á escrita e á poesía os nenos e nenas, nun momento no que había que devolver a esta terra a esperanza.

A poesía, acompañará e iluminará cal pequenos cantos no camiño que os han guiar, nas longas andainas da vida por chegar. Pois aínda que as palabras eran escritas con xiz nos encerados, ficaron imborrábeis; forman parte da intimidade de quen poboou o seu maxín de soños por cumprir, de seres referenciais que dan a medida máis alta do ser humano.

De que barro está feita este Letra E, do escultor Caxigueiro, que lle entregamos hoxe a Helena? Diría que do barro que contén todos os libros interiores que foi escribindo ao tempo que escribía: o libro que contén a dinamizadora cultural que deu alento ao noso idioma para que o tempo ritmicamente acontecera; a divulgadora da poesía de Rosalía e todo o seu patrimonio humano, nun tempo no que non existía máis que terra erma devecendo pola flor de nós propios, polo soñado froito. O libro coa escrita dese invisíbel poema de todos os anos de traballo no ensino. E o libro que contén toda a súa obra de escritora. Así, seguindo a biografía existencial de Helena: todos estes estratos que a conforman e nos que foron sedimentando, na beleza interior da súa idade, ese rielo que naceu nas terras de Becerreá e Lugo, atravesando a Terra de Compostela toda, para se facer onda de ría en Rianxo.

Neste Rianxo que nos nace aos sentidos, á luz sonora deste ceo de cor azul tenrura, neste xa verao, para que as palabras sigan a nacer dos misterios da poesía, de aquilo que poucas veces se deixa traducir.

Agradecidos a Helena por ela querer tamén navegar, que nos diría Xoana Torres.
Agradecidos a este concello e á súa corporación municipal porque, guiado con sabia man polo seu alcalde, sexa tan doado vivirmos en galego. E que fai que os nenos moren realmente na súa terra e sexan capaces de vivir nela a fascinante aventura vital de todo ser humano na súa viaxe existencial, que supón teimar sempre en querer ler na outra cara da lúa coma unha viaxe por aquilo que de máis fermoso, nobre e solidario ten o ser humano

Agradecidos á Vicepresidencia de Cultura da Deputación Provincial de A Coruña polo seu apoio a AELG, e á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

E sobre de todo, agradecido aos veciños de Rianxo que nos acollen e hoxe nos acompañan.

Permítanme unha lembranza a Castelao, aos homes e mulleres de Rianxo que partiron deste seu berce natal, soñando sempre a el regresar.

*Cesáreo Sánchez Iglesias
Presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega
Escola da I República - Cuartel vello, Rianxo
25 de xuño de 2016*